



## \*GUIMAREI (SANTA MARÍA)



Parroquia cunha superficie de 8,7 km<sup>2</sup> situada ó sur do municipio de Friol, que conta con 53 habitantes repartidos nos lugares de Abrigueiro, Campo da Feira, A Eirexe, Guimarei de Arriba e Meigonte. A súa densidade de poboación é de 6,09 hab/km<sup>2</sup>.



O máis destacado desta parroquia é a súa igrexa que, como se verá máis adiante, relaciónase co topónimo de «A Eirexe». Trátase dunha importante mostra do gótico tardío construída nos séculos XV, XVI e XVII co mecenado de Andrés de Berbetoros, Señor de Portomarín que actualmente está enterrado nela, e a súa muller, Inés de Montenegro. Ademais, unha parte importante da economía da parroquia estaba baseada nas feiras, que tiñan lugar o 26 de cada mes. Non se sabe con exactitude cando comezaron a realizarse (aínda que hai constancia de que no S. XVIII se facían transaccións de gando), pero sobre os anos 70 do século pasado chegaron a ter unha importancia que excedía con moito os límites parroquiais.

O topónimo de Guimarei repítese tanto dentro do propio Concello (é un lugar da parroquia de Nodar), coma noutros lugares de Galicia. En Baralla, existe unha parroquia chamada (San Tomé) Guimarei, así coma na Estrada, se ben neste último caso o santo que precede ó topónimo é San Xiao.

**Guimarei** ten a súa orixe no medievo, cando os suevos e os godos nomearon moitos lugares segundo a cultura daquela época. A hipótese máis probable é que derive dunha antiga \**villa Wimaredi*, que se refire ao gran latifundio dun tal *Wimaredus*. Para Joseph M. Pel, a raíz «Wim-» significaría «loita». Deste xeito, o termo *villa* desaparecería por elipse e o grupo «Gu-» reemprazaría ó «W» xermánico. Ademais, o «s» intervocálico eliminaríase co paso do tempo.

En canto ós lugares mencionados inicialmente, **O Abrigueiro** procede do latín *apricare* («abrigar»), e fai referencia a un lugar defendido dos ventos. **Campo da Feira**, pola súa parte, ten a súa orixe na forma latina *feriae* («feira») e remite ao campo no que se compran e se venden mercadorías. **A Eirexe** deriva da forma latina *ecclesiae (locus)* e recorda ó emprazamento no que se localiza a maior igrexa parroquial. Este topónimo abunda por toda Galicia, xa que hai moreas de parroquias e (case) todas contan con igrexas. 23

**Guimarei de Arriba**, pola súa parte, relaciónase co antes explicado e contén o matiz diferenciador dunha maior altitude. Por último, para **Meigonte** existen hipóteses moi diferentes. Unha delas relaciónao con *Manigunda*, unha xermánica que fundou un mosteiro no ano 768 nas terras da Lombardía. Outra posibilidade, como indica Nicandro Ares Vázquez (2011: 81-83), é que o *Mei-* de Meigonte derive do gótico *manna* («varón»). Crese que puido existir o nome de muller \**Manigunthi*, que significaría «a que combate ó varón» e que sería a que lle deu nome a esta aldea.

\*Texto extraído do traballo clasificado no segundo posto do "I Premio de investigación Histórica, Cultural e Entnográfica Concello de Friol" presentado por Dona Laura Ferro Devesa e Dona Estefanía Pena Ferro e titulado "TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL" Friolensis